

## Roser Atmetlla

### O merlo

Cedo pola mañá, xusto cando nace o día, o merlo pousa sobre o valado de pedra. O valado é baixo e cingue o cacho que hai diante da casa. Este anaco chamámoslle xardín, pero nunca tiven coidado del. Hai herba, que medra como quere, unha hortensia nun recuncho e do outro lado unha ameixeira.

Ás veces o merlo vén cando eu aínda estou deitada. Sitúase no seu lugar de sempre, sobre unha pedra especialmente manchada de lique e mirando para a miña fiestra. Ou a min gústame pensalo así... E gústame escoitalo. Porque o seu canto ten pouco que ver co rechouchío alterado doutros paxaros. Tampouco é un berro, senón un xeito de chamada. Unha invocación repetida e melodiosa para poder dicir cedo pola mañá todo aquilo que quedará afastado, prohibido, ao longo do día.

O merlo canta. E se aínda non me erguín, aparto a saba e o cobertor e achégome á fiestra. Visto desde aquí o paxaro de bico amarelo non impón moito. Mide pouco máis dun palmo e a baía, que por detrás empeza a reflectir os primeiros raios de luz, convérteo nunha pobre mancha negra. Con todo, canta, e a súa voz secreta, fermosa, segue o carreiro que vai aló, lonxe, cara a esquerda da casa, cruza o prado e vai pola beira do campo de trigo até a cima do outeiro. Alí é onde, cada mañá, se me concentra o desexo.

E atendo. Como se puidese chegar a ver un punto minúsculo xusto onde se perde o camiño. Un punto, ao cal, aos poucos, engadiríase un torso e logo, aínda, unhas pernas. E dende tan lonxe, sen máis datos cá súa maneira de andar –un paso máis longo ca outro–, sabería que é Abel. Adiviñaríalle o humor e o sorriso. E os ollos azuis que, cando neno, refregaba cos puños pechados.

Baixaría a recibilo. Daríalle unha aperta procurando refrear os dezasete anos que pasaron. Porque el, á fin e ao cabo, volvería de facer a rolda de noite, con ganas de almorzar e deitarse. El, xenio vivo. El, con vinte anos para sempre máis, desde o mesmo intre que lle caeu aquel cacho máquina enriba.

Non o chamo. “Abel, fillo”. É o merlo quen di o que eu non podo dicir e traduce exactamente o ritmo da miña dor: invócao e atende. E volve probar, sete, oito, dez veces. Até mañá.

Entón afástome da ventá e outra vez chantada neste silencio, empezo o día facéndome a cama. Logo baixo. Co primeiro cigarro, fago a primeira cafeteira, que me chega até o mediodía. Xanto. E a segunda, póñoa ao lume cando Rosana peta na porta. Fumamos, xogamos a cartas e bebemos café. A Rosana é delgada de pernas e brazos, pero o tronco lle anchea cunha tripa prominente e coas costas que ano tras ano están a se lle derrear un pouco máis. As veces, a media partida, érguese e chouta pola cociña suxeitándose a barriga. Imita así a Contrabuch e a Agrailer, as outras dúas vellas veciñas que saen no serán a facer “footing”.

Non me canso desta brincadeira, dáme risa, pero non lle falo do Abel. Ela sabe que iso é así: nun cuarto, outro onde nunca se entra. É un espazo que existe, case físico, e que segundo os días bascula máis cerca ou máis lonxe da mesa da cociña. Ela tampouco o nomea. Máximo, mira pola fiestra e descríbeme a época na que eu arranxaba o xardín. Ambas as dúas sabemos que nunca existiu esa época, pero é a súa maneira de me dicir que teño que esforzarme. Contéstolle que é unha indecencia que unha vella toliña faga exhibición desta ilusión polo futuro. Entón, intenta falar-me da Ida.

Pola Ida non espero, porque exactamente cada cinco semanas sube polo camiño da baía. Cada cinco sábados á mesma hora aparca a moto a carón da hortensia e leva o casco. Mentres, eu collo o paquete de tabaco e marcho a fumar ao patio de atrás. Alí teño a herba luísa e a herba abelleira e fago ver que arrinco as malas herbas.

Ela, que ten vintenove anos e exerce de médica abaixo, na vila, utiliza o seu título para expresar o seu desgusto. Deixa a moto, vén a atoparme e cunha soa mirada recolle o desamaño do xardín, os pratos por lavar, o po e o cigarro que teño na man. "Ola mai". "Ola, Ida". Saca a chaqueta e ata o mandil.

A Rosana fálame para persuadirme. Ela coida que teño cousas máis importantes para facer que xogar ás cartas ou sentar na butaca á beira da fiestra. "A Ida é traballadora e responsábel e máis unha boa filla". Vén a verme, é certo. E porque é voluntariosa, sobreponse á desgana cun calendario flexíbel: cada cinco sábados á mesma hora e até as nove do serán.

Cando a miro, busco aquela rapaza de doce anos, de boca pequena e carnosa. O beizo de baixo coma unha media lúa vermella e no de arriba o pequeno val que leva até un nariz de ponte recta. Busco, sobre todo, as ventas do nariz abertas de xeito sensíbel aos recendos e os ollos grises que me miran –non sei porque– cun humor sereno. Agora leva lentes e dedica o tempo da visita a limpar e arranxar a cociña. Eu deixo que o faga porque coido que non sabe xogar ás cartas. "Todo o mundo sabe" afirma Rosana. Pero ela, os "sábados da Ida" prefire aburrirse soíña de todo na súa casa. E ao día seguinte, cando entra na cociña, bota o pescozo adiante, medio pecha un ollo e ole: "Xa volviches fumar, ho! "

O rastro de lixivia, que dura un par de días, lévoo polo chan até os outros cuartos. Podería prohibirle que os limpase, pero penso na súa casa, na súa vida, e nunca podo imaxinala rindo ou con ledicia por algunha cousa. Sento na butaca e, as veces, chego a ver unhas paredes de cor azul, seguramente é porque quedo enfeitizada mirando o mar... Debe ter algún mozo, xa ten idade ... .. E amigos... E o traballo, se cadra gústalle... .. Eu fumo. E nestas derradeiras semanas, non fixen máis ca evocar a nena de doce anos que o día do enterro do seu irmán quería levar flores no pelo...

O meu carraxe esnaquizouno todo, aquel día e un día tras outro, até que tivo que ir a vivir co pai. Perdín a voz –o merlo dimo cada mañá– e fiquei chantada neste silencio. Bebía. Pensaba cousas que lle puidesen facer dano e dicíallas. Rematei xogando ás cartas, bebendo café, aceptando a recriminación dunhas visitas que se iniciaron hai agora dous anos.

A primeira vez que se presentou, había máis de cinco anos que non a vira. Eu pensara que a morte do Abel estragáralo todo. E amoloume vela. Ofrecinlle una cunca de café, pero non sentou. Recriminoume coma unha médica á súa paciente: "Fumas en demasía. Terías que deixalo " E que tampouco non había moito máis que puidese dicir... .. Despedinme, liberada, imaxinando que non ía volver.

Ao cabo de cinco semanas, facíaa vir outra vez e, de sábado en sábado, fomos tecendo este xeito de cousa que sempre recende a lixivia.

Con todo, esta mañá chamei a Rosana e encargueille que, cando baixase á vila, mercase unha peza de bacallau remollado para min. Trúxome dúas pezas e díxome que era unha roñona. Xusto cando viña de marchar chegou a Ida. Hoxe abrinlle eu a porta. E cando atou o mandil, eu sentei na cociña. Non falamos. Nunca falamos. Ela rosma polas manchas de graxa e baleira os cinseiros de calquera maneira. Xantou, coma sempre, de pé e eu esperei ao serán parapedirle se me podía facer un pouco de cea. "Na neveira hai bacallau"... Hai moito tempo que non como chulas..." Xa marchaba e miroume insegura.

Esnaquizouno todo, antes de dicirme que non os sabía facer. "Fariña?" "Si" "Canta?" "Vai poñendo" "Non a pesas?" "Non. Así está ben". Despois do lévedo, a auga. "Non poñas demais, a pasta ten que quedar espesa". Axudeina a mondar os allos e ela lavou e cortou o pirixel. "Quita un ovo da neveira". "Só un ?" "Si". A xema mesturada coa pasta e a clara batida a punto de neve. "Deberías batela aínda un pouco máis. Está cansa?" "Non". Recollinlle un guecho de pelo que lle caía por riba dos lentes, pero non nos miramos. "Agora xa podes botar o aceite na tixola".

Púxenme por detrás dela. Con cada cullerada de pasta, fun atopando o xeito de explicarlle o que debía, de evocarlle a miña dor. Parecíame que non tiña palabras para todo aquilo máis elas foron saíndo: unha e outra e máis outra. O neno de ollos azuis. O Abel. O mozo de vinte

anos, tolo polas máquinas. "Seguro que te lembras". E eu, que lle dicía que aquel non era o tipo de traballo que lle convida, recrimináballe a súa falta de ambición. Porfiabamos adoitado porque traballaba e eu quería que estudase. Agora non entendo por que porfiabamos. Se cadra era polo meu desconcerto ao ver que medraba...

A noite que morreu enfadámonos moito, de verdade. Ti durmías. Díxenlle que non o quería ver máis na casa, coma se non o tivese nunca querido. E despois esperei por el até a hora que remataba a rolda de noite –até que chamaron da empresa– porque aínda tiña máis cousas que quería berrar. Todas as cousas que quedaron dentro de min.

Tentei de explicarlle o que significa perder a voz e como, cada mañá, espero o canto do merlo. E puíden chorar ao ver os ombros dela, que lle tremelicaban.

Polo de agora, xa lle teño preparada unha cama no sofá. E quedamos que mañá imos comer as chulas.

Traducido do catalán por Lluïsa Soaz.

### **La merla**

A primeira hora, quan tot just es fa de día, la merla es posa sobre la tanca de pedra. La tanca és baixa i circumda el tros que hi ha davant la casa. Aquest tros l'anomenem jardí, però mai me n'he cuidat gaire. Hi ha l'herba, que creix com vol, una hortènsia en un racó i a l'altra banda una prunera.

De vegades, la merla arriba que encara sóc al llit. Se situa al seu lloc de sempre, sobre una pedra especialment tacada de líquen i mirant cap a la meua finestra. O a mi m'agrada pensar-ho així... I sentir-la. Perqué el seu cant té poca cosa a veure amb la refiladissa esverada d'altres ocells. Tampoc no és un xiscle, sinó una mena de crida. Una invocació repetida i melodiosa per poder dir a primeira hora tot allò que quedarà arraconat, prohibit, al llarg del dia.

La merla canta. I si encara no m'he aixecat, enretiro el llençol i la vànova i m'acosto a la finestra. Vist des d'aquí, l'ocell de bec groc no imposa gaire. Fa poc més d'un pam i la badia, que al seu darrere comença a rebatre els primers rajos de llum, el converteix en un pobra taca negra. Però canta, i la seva veu secreta, bellíssima, ressegueix el senderol que s'allunya cap a l'esquerra de la casa, travessa la prada i voreja el camp de blat fins al capdamunt del turó. És allà on, cada matí, es concentra el meu desig.

I m'espero. Com si pogués arribar a veure un punt minúscul just on el camí es perd. Un punt al qual, al cap de poc, s'afegiria un tors i després, encara, unes cames. I des de tan lluny, sense tenir res més que la seva manera de caminar –una passa més llarga que l'altra–, sabria que és l'Abel. Li endevinaria l'humor i el somriure. I els ulls blaus que, quan era una criatura, es fregava amb els punys tancats.

Baixaria a rebre'l. L'abraçaria procurant de refrenar els disset anys que han passat. Perqué ell, al cap i a la fi, vindria de fer el torn de nit, amb ganas d'esmorzar i jeure. Ell, de geni viu. Ell, amb vint anys per sempre més, des del mateix instant que va caure-li aquell tros de màquina al damunt.

No el crido. "Abel, fill." És la merla qui diu allò que jo no puc dir i tradueix exactament el ritme del meu dolor: l'invoca i s'espera. I ho torna a provar, set, vuit, deu vegades. Fins l'endemà.

Llavors m'aparto de la finestra i un altre cop ficada en aquest silenci, començo el dia fent-me el llit. Després baixo. Amb el primer cigarret, faig la primera cafetera, que em dura fins a migdia. Dino. I la segona, la poso al foc quan la Rosana truca a la porta. Fumem, juguem a cartes i bevem cafè. La Rosana és prima de cames i braços, però el tronc se li eixampla amb una panxa prominent i amb l'esquena que any rere any se li corba una mica més. A vegades, a mitja partida, s'aixeca i saltirona per la cuina aguantant-se el ventre. Imita així la Contrabuch i l'Agrailler, les altres dues velles del veïnat que surten el capvespre a fer "footing".

No me'n canso, d'aquesta broma, em fa riure, però no li parlo de l'Abel. Ella sap que això és així: dins una habitació, una altra en la qual mai no s'entra. És un espai que existeix, quasi físic, i que segons els dies bascula més a prop o més lluny de la taula de la cuina. Ella tampoc no l'anomena. A tot estirar, mira per la finestra i em descriu l'època en què jo arreglava el jardí. Les dues sabem que no ha existit mai aquesta època, però és la seva manera de dir-me que m'hi he d'esforçar. Li contesto que és una indecència que una vella xaruga com ella exhibeixi aquesta il·lusió pel futur. I llavors, prova de parlar-me de l'Ida.

A l'Ida no l'espero, perquè exactament cada cinc setmanes puja pel camí de la badia. Cada cinc dissabtes a la mateixa hora aparca la moto al costat de l'hortènsia i es treu el casc. Jo, mentrestant, agafo el paquet de tabac i me'n vaig a fumar al pati del darrere. Allà hi tinc la marialluïsa i la tarongina i faig veure que les netejo de males herbes.

Ella, que té vint-i-nou anys i exerceix de metge a baix, al poble, fa servir el títol per expressar el seu disgust. Deixa la moto, ve a trobar-me i amb una sola mirada arreplega la deixadesa al jardí, els plats per rentar, la pols i el cigarret que tinc a la mà. "Hola mare." "Hola Ida." Es treu la jaqueta i es lliga el davantal.

La Rosana me'n parla per persuadir-me. Segons ella, tinc coses més importants a fer que jugar a cartes o asseure'm a la butaca del costat de la finestra. "L'Ida és treballadora i responsable. I és una bona filla." Em ve a veure, és cert. I perquè és voluntariosa, se sobreposa a la desgana amb un calendari inflexible: cada cinc dissabtes a la mateixa hora i fins a les nou del vespre.

Quan la miro, busco aquella nena de dotze anys, de boca petita i molsuda. El llavi de baix com una mitja lluna vermella i al de dalt, la petita vall que porta fins a un nas de pont recte. Busco, sobretot, els narius badats, sensiblement, a les bones olors i els ulls grisos que em miren –no sé per què– amb un humor serè. Ara porta ulleres i dedica el temps de la visita a netejar i endreçar la cuina. La deixo fer perquè em sembla que no sap jugar a cartes. "Tothom en sap." afirma la Rosana. Però ella, els "dissabtes de l'Ida", prefereix avorrir-se tota sola a casa seva. I l'endemà, quan entra a la cuina, allarga el coll endavant, mig tanca un ull i ensuma: "Ja has tornat a fumar!"

El rastre de lleixiu, que dura un parell de dies, jo l'arrossego per les altres habitacions. Podria prohibir-li que netegés, però penso en casa seva, en la seva vida, i mai no puc imaginar-la rient o alegrant-se per alguna cosa. M'assec a la butaca i, de vegades, arribo a veure unes parets de color blau, segurament, perquè m'embadoco mirant el mar... Deu tenir alguna mena de promès, ja en té l'edat... I amics... I la feina potser li agrada... Jo fumo. I aquestes últimes setmanes, no he fet res més que evocar la criatura de dotze anys que el dia de l'enterrament del seu germà volia posar-se unes flors al cabell...

La meva ràbia ho va arrasar tot, aquell dia i un dia rere l'altre, fins que va haver d'anar a viure amb el seu pare. Vaig perdre la veu –la merla m'ho diu cada matí– i vaig ficar-me en aquest silenci. Bevia. Pensava coses que poguessin fer-li mal i les deia. I he acabat jugant a cartes, bevent cafè, acceptant el retret d'unes visites que es varen iniciar ara fa dos anys.

El primer cop que es va presentar, en feia més de cinc que no l'havia vist. Jo m'havia pensat que la mort de l'Abel ho havia fet malbé tot. I veure-la, em va molestar. Li vaig oferir una tassa de cafè, però no es va seure. Va renyar-me com una metge a la seva pacient: "Fumes massa. Ho hauries de deixar" I és que tampoc no hi havia gaire res que es pogués dir... Vaig acomiadar-me'n alliberada, imaginant que no tornaria.

Al cap de cinc setmanes, la feia passar un altre cop i, de dissabte en dissabte, hem anat confegint aquesta mena de cosa que sempre fa olor de lleixiu.

Aquest matí, però, he trucat a la Rosana i li he encomanat que, quan baixés al poble, em comprés un tall de bacallà remullat. Me n'ha dut dos i m'ha dit que sóc una ronyosa. Tot just acabava de marxar que ha arribat l'Ida. Avui li he obert la porta. I quan s'ha lligat el davantal, m'he assegut a la cuina. No hem parlat. Mai no parlem. Ella rebufa davant les taques de greix i buida els cendrers de mala manera. Ha dinat, com sempre, a peu dret i jo he esperat al vespre per demanar-li si em podia fer una mica de sopar. "A lanevera hi tinc bacallà... Fa molt temps

que no menjó bunyols..." Ja se n'anava i m'ha mirat insegura.

L'ha esqueixat tot, abans de dir-me que no sabia com fer-los. "Farina?" "Sí." "Quanta?" "Ves tirant." "No la peses?" "No. Així està bé." Després del llevat, l'aigua. "No n'hi posis gaire, la pasta ha de quedar espessa." L'he ajudat a pelar els alls i ha rentat i tallat el julivert. "Treu un ou de la nevera." "Només un?" "Sí." El rovell barrejat amb la pasta i la clara batuda a punt de neu. "L'hauries de batre encara una mica més. Estàs cansada?" "No." Li he recollit un ble de cabell que li queia damunt les ulleres, però no ens hem mirat. "Ara ja pots posar oli a la paella."

M'he situat al seu darrere. Amb cada cullerada de pasta, he anat trobant la manera d'explicar-li el que li devia, d'evocar per a ella el meu dolor. M'havia semblat que no tenia paraules per a tot allò, però han anat sortint: una i una altra i una altra. El nen d'ulls blaus. L'Abel. El jove de vint anys, boig per les màquines. "Segur que te'n recordes." I jo, que li deia que aquella no era la mena de feina que li convenia, li retreia la seva manca d'ambició. Discutíem sovint perquè treballava i jo volia que estudiés. Ara no entenc per què discutíem. Potser era pel meu desconcert en veure que es feia gran...

La nit que va morir ens varem enfadar de veritat. Tu dormies. Vaig dir-li que no el volia més a casa, com si no l'hagués estimat mai. I després vaig esperar-lo fins a l'hora que s'acabava el torn de nit –fins que varen trucar de l'empresa– perquè encara hi havia més coses que volia cridar. Totes les coses que em varen quedar a dins.

He provat d'explicar-li què significa perdre la veu i com, cada matí, espero el cant de la merla. I he pogut plorar en veure-li les espatlles, que l'hi tremolaven.

De moment, li he preparat un llit al sofà. I hem quedat que demà ja ens menjarem els bunyols.